

17 filmes en versión orixinal  
por primeira vez restaurados  
dixitalmente en 2K

# RETROSPECTIVA INGMAR BERGMAN

No centenario do seu nacemento

12 de xuño - 11 de decembro de 2018

## OS FILMES PREFERIDOS DE INGMAR BERGMAN (1994)

**El circo**  
(Charles Chaplin, 1928)  
**El muelle de las brumas**  
(Marcel Carné, 1938)  
**El director de orquesta**  
(Andrzej Wajda, 1980)  
**El barrio del cuervo**  
(Bo Widerberg, 1963)  
**A paixón de Jeanne D'Arc**  
(Carl Theodor Dreyer, 1928)  
**La carreta fantasma**  
(Victor Sjöström, 1921)  
**Rashomon**  
(Akira Kurosawa, 1950)  
**La Strada**  
(Federico Fellini, 1954)  
**El crepúsculo de los dioses**  
(Billy Wilder, 1950)  
**Las hermanas alemanas**  
(Margarethe von Trotta, 1981)  
**Andrei Rublev**  
(Andrei Tarkovsky, 1966)

## NA LIBRARÍA NUMAX

**La linterna mágica.** Tusquets, 2015  
**Cuaderno de trabajo.** Nórdica, 2018  
**Entretiens privés.** Gallimard, 1997  
**Persona.** Nórdica, 2018  
**Secretos de un matrimonio y Saraband**  
Tusquets, 2007  
**Sonate d'automne.** Gallimard, 1979  
**Conversaciones íntimas.** Tusquets, 1998  
**Ingmar Bergman: le cinéma, le théâtre,  
les livres.** Gremese, 2000  
**La dernière photographie: Sarabande  
d'Ingmar Bergman.** La Lettre Volée, 2017  
**Ingmar Bergman.** Actes Sud, 2012  
**Máscaras de la carne. Aproximaciones  
al cine de Ingmar Bergman (1918-2018)**  
Shangrila, 2017  
**Las mejores intenciones.** Tusquets, 1998  
**Ingmar Bergman. Initial series.** Cameo [DVD]

1918  
2018  
BERGMAN

Ingmar Bergman

# 393

# RETROSPECTIVA INGMAR BERGMAN

No centenario do seu nacemento

12 de xuño - 11 de decembro de 2018

Pases únicos os martes

1918  
2018  
BERGMAN



★  
EUROPA CINEMAS  
CREATIVE EUROPE - MEDIA SUB-PROGRAMME

Un cinema,  
unha librería  
e un laboratorio  
de gráfica e vídeo

# NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega  
Concepción Arenal, 9 baixo  
15702 Santiago de Compostela  
TELF 981 560 250 | www.numax.org

Abónate  
e ven sempre  
por  
**4,5€**

Faite  
**NUMAX!**





## “Non pido que se entendan os meus filmes, só que se sintan”

Entrevista a Igmarr Bergman  
Por Charles Samuels

Se alguén me pedise unha soa razón pola cal considero que ocupas un lugar preeminente no cineama, diría que é a túa capacidade para crear un mundo propio. Cando era pequeno sufría dunha ausencia de palabras case absoluta. A miña educación foi moi rixida, o meu pai era pastor. En consecuencia, vivín nun mundo privado, composto polos meus propios soños. Xogaba coas miñas marionetas. Tiña moi pouco contacto coa realidade ou coas canles para chegar a ella. Tiña medo de meu pai, miña nai, meu irmán maior... todo. Xogando cos monicreques e un proxector de xoguete atopei a única maneira para me expresar. Tiña gran dificultade para distinguir ficción e realidade e cando era pequeno mesturábaas até tal punto que a miña familia sempre me tomaba por mentiroso. Mesmo cando medrei, vivía bloqueado. Tiña enormes dificultades para falar cos demais.

A descrición que fas da túa infancia lembra a xénese dun escritor. Foi só por ese accidente cos monicreques

que te encamiñaches cara ao teatro antes que para a escritura? Non. Lembro que no meu décimo oitavo aniversario, ao rematar a escola, escribín unha novela. Pero gardeina no meu escritorio e esquecín. Até 1940 cando, dunha tacada, escribín doce obras de teatro. Ao comezar a escribir tiñalle medo ás palabras, porque sempre me resultou moi complicado atopar as verbas precisas.

Esta desconfianza cara á palabra é unha das razóns polas que Alma fai que Elisabeth diga «nada» en *Persona* (1966)? Non. Ben, pode que si, pero non dun xeito consciente.

Porque «nada» é a máis verdadeira das palabras. Non o sei. Sempre tiveren moita desconfianza cara ao que eu dicía ou ao que outras persoas me dicían a min. No meu traballo tento traducir as palabras en movementos, carne ou sangue. Teño unha gran necesidade de conectar co público, con outra xente. Para min, as palabras non son satisfactorias.

Os teus filmes achegan un grande impacto emocional, pero son tamén moi esixentes desde o punto de vista intelectual. Non hai unha contradición nestas dous efectos? Por exemplo, cando vin *O rito* (1958) os meus sentimentos atopaban interferencias no meu esforzo por comprender o significado do filme. A túa aproximación é errónea. Eu non pido que se entendan os

meus filmes, só que se sintan (...) *O rito* simplemente expresa o meu resentimento cara aos críticos, o público e o goberno cos que tiveren que rifar cando dirixín o Teatro Dramático Real. Fixena para me divertir e para que o público o pasase ben. Nunca lle pido ao espectador que entenda todo o que eu fago. Stravinsky dixo unha vez: «Na miña vida non entendín unha sóa obra musical. Só as sentín».

Mais Stravinsky era un compositor, non temos que comprendelo. Os filmes, obras, poemas e novelas ofrecen observacións, encarnan ideas e crenzas e nós tentamos darlles sentido... Pero ti pertences a unha minoría que tenta entender. A xente do común, eu mesmo... Teño exactamente o mesmo sentimento cando vexo unha obra. É como se escoito un cuarteto de corda de Bartok. Nunca tentei entendelo. E conste que a miña mirada está algo perversa, dalgún xeito teño certo autocontrol porque son un home de teatro e isto pode...

Destruír a recepción espontánea? Exactamente. Por exemplo, sempre se di que Brecht é moi intelectual, namentres eu o encontro emocional. Os seus comentarios e narradores sitúanse entre nós e a obra. Mais a música, filmes e obras traballan directamente coas emocións.

Publicado en [lingualeo.com](http://lingualeo.com)

## “Toda a miña vida creativa provén da infancia”

Entrevista a Ingmar Bergman  
Por Juan Cruz

A súa autobiografía conmoveume por razóns persoais. Vostede é tan apaixonado que máis que falar de si mesmo, parece falar dos demais. Son un neno. Xa o dixen unha vez: toda a miña vida creativa provén da infancia. E emocionalmente son un crío. A razón pola que á xente lle gusta o que eu fago é porque son un neno e fálolles como tal (...) Gústame cando a xente ve e le algo que fixen, sempre que se me escoita co corazón e coas emocións. Ás veces, mesmo poden chegar a ser emocións negativas, pero o que detesto é a indiferenza. Cando coñezo alguén que é indiferente sintome moi infeliz.

Vostede é un home de palabras e de silencio. Isto lémbreme unha anécdota de Samuel Beckett. El e o seu amigo Patrick Whalberg xogaban ao billar todos os días en París. Xogaban durante cinco horas sen se dicir nada. E cando remataban marchaban para a casa en silencio. [Bergman ri] É como a relación que teño con Sven Nykvist, o meu director de fotografía. Traballamos xuntos máis de trinta anos e tan só fomos cear 3 ou 4 veces en todo este tempo. Quéroo como a un irmán pero das nosas vidas privadas non temos nada que compartir.

Pode existir un mundo sen palabras? Iso sería imposible. Coido que estamos preto e dá moito medo. A Idade Media era unha época de imaxes e poucas palabras e creo que estamos preto dunha gran catástrofe se seguimos a vivir nun mundo sen palabras. Ingrid [von Rosen] ten catro fillos e eu oito, xuntos temos doce. Son maiores e agora teñen fillos e decatámonos de que a linguaxe dos nosos netos non é tan pura como a da miña xeración.

Vostede é un bo escritor. Non me sinto escritor. Para nada. Síntome un home de teatro, de filmes. A pesar de ter escrito toda a miña vida o cinema e o teatro resúltame máis preciso

que escribir, porque ten a ver coas miñas emocións. Gustárame ter sido músico. Violinista ou pianista. Porque eles ven unha nota e pódena recrear. Tamén me tería gustado ser director de orquestra. Miran a partitura e pódena aprender de memoria e levala consigo a todas partes. Poden acadar certa precisión.

Gozas facendo cinema? Ás veces é unha obriga pero sempre é unha obsesión. Dalgún xeito facer películas é moi erótico e non sei moi ben por que. Coido que é porque hai un entendemento emocional ao completo. Estamos rodeados de persoas vinculadas a nós. Facer filmes é como ter un romance.

Prefires facer cinema ou teatro? Os métodos son moito máis neuróticos no cinema porque tes a 50 técnicos e 4 ou 5 actores. Cando fas unha película traballas oito horas ao día para conseguir tres minutos bos de material. No cinema non podes arriscarte a mostrar nin un minuto malo. No teatro é máis ben un proceso.

É vostede espectador de cinema? Son un espectador empedernido. Apaixoname ir ao cinema. Pero vou á miña propia sala, nunha illa na que vivimos unhas 400 persoas. Rehabilitéi unha vella corte que tiña 150 anos e convertína nunha sala de cinema marabillosa con 25 butacas. Na illa hai unha filmoteca increíble con máis de 1.500 películas e teño permiso para levar as que queira. Vou todos os días ás tres da tarde. Encántame porque así podo controlalo todo.

A que hora do día é Ingmar Bergman un neno? Coido que é bo estar en contacto co neno que levas dentro todos os días. Poder anoxarte e camiñar pola beira do mar e berrar. Iso é bo. E se ves unha gaivota mirándote mentres berras é marabillosa. De súpeto coñeces as túas proporcións. Agora teño 71 anos e fixen moitas cousas mais non todas as que me gustaría, así que decidín poñerme ao tema. Empezarei lendo. Quero ler libros.

Publicado en [elpais.com](http://elpais.com)  
Traducións Xan Gómez Viñas

## CALENDARIO DE PROXECCIONS

**12 de xuño**  
**Un verán con Mónica**  
(*Sommaren med Monika*, 1953)

**26 de xuño**  
**Sorrisos dunha noite de verán**  
(*Sommarnattens leende*, 1955)

**10 de xullo**  
**O sétimo selo**  
(*Det sjunde inseglet*, 1957)

**24 de xullo**  
**Amorosos salvaxes**  
(*Smultronstället*, 1957)

**7 de agosto**  
**O rostro**  
(*Ansiktet*, 1958)

**21 de agosto**  
**O manancial da doncela**  
(*Jungfrukällan*, 1960)

**4 de setembro**  
**Como nun espello**  
(*Såsom i en spegel*, 1961)

**18 de setembro**  
**O silencio**  
(*Tystnaden*, 1963)

**2 de outubro**  
**Persona**  
(*Persona*, 1966)

**9 de outubro**  
**A vergoña**  
(*Skammen*, 1968)

**16 de outubro**  
**A hora do lobo**  
(*Vargtimmen*, 1968)

**23 de outubro**  
**Paixón**  
(*En passion*, 1969)

**30 de outubro**  
**Gritos e murmurios**  
(*Viskningar och rop*, 1972)

**6 de novembro**  
**A fruta máxica**  
(*Trollflöjten*, 1975)

**27 de novembro**  
**Sonata de outono**  
(*Höstsonaten*, 1978)

**4 de decembro**  
**Documento sobre Fårö**  
(*Fårö-dokument*, 1979)

**11 de decembro**  
**A vida das marionetas**  
(*Aus dem Leben der Marionetten*, 1980)

\* As horas de cada sesión iran se comunicando en [www.numax.org](http://www.numax.org)